

III CAMPIONATO GALEGO UNIVERSITARIO DE VELA 2024

ANUNCIO DE REGATA

CENTRO GALEGO DE VELA VILAGARCIA DE AROUSA



6 DE MARZO DO 2024

Organiza:



Colaboran:



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Universida_{de}Vigo



Índice

1.- Organiza	3
2.- Lugar	3
3.- Data	3
4.- Participantes	3
5.- Embarcacións	4
6.- Información	4
7.- Inscripcións	4
8.- Seguro	4
9.- Acreditacións	5
10.- Horarios	5
11.- Regulamento técnico	5
11.1. Competicións	5
11.2.- Sistema de competición	5
11.3.- Normativa Xeral	5
12.- Premios	6
13.- Comida	6
14.- Clasificacións	6
15.- Universidade convidada	6
Anexo 1	7

1.- Organiza

A Universidade de Santiago de Compostela.

2.- Lugar

Centro Galego de Vela

Rampa Cavadelo, s/n, 36600 Vilagarcía de Arousa.

<https://maps.app.goo.gl/QaMkEYYYPgD5KpuG6>

3.- Data

6 de marzo de 2024.

4.- Participantes

- Calquera persoa pertencente á **comunidade universitaria** dalgunha das tres universidades galegas.
- Será obrigatorio ter a **licenza federativa de vela en vigor**, como deportista, cumprindo co regulamento de licenzas a Real Federación Española de Vela.
- Os equipos estarán formados por 3 ou 4 regatistas, debendo ter sempre mixtos. As embarcacións de 4 regatistas teñen que ter 50% de cada sexo e as embarcacións de 3 regatistas polo menos un deles de distinto sexo.
- Non existira limitacións de peso das tripulacións.
- As Universidades participantes responsabilizaranse de garantir que as tripulación inscritas, teñen o nivel mínimo de experiencia no manexo de embarcacións de características similares aos ELLIOT 6M.
- O número máximo de tripulacións no CGU de Vela é de 12 e o número de tripulacións por Universidade quedarán distribuídas desta maneira:
 - * **3 tripulacións por Universidade** (Universidade da Coruña, Universidade de Vigo, e Universidade de Santiago de Compostela)
 - Neste primeiro punto, existirán **2 tripulacións extra** a repartir entre estas 3 Universidades en función das necesidades das mesmas. A distribución delas se existe máis dunha Universidade interesada será mediante un sorteo e distribuiranse de maneira alterna.
 - A estas dúas tripulacións extra, poderanse sumar tripulacións que non queden cubertas por algunha das 3 Universidades.
 - * **1 tripulación convidada** da Universidad Intercontinental de la Empresa.

5.- Embarcacións

- As embarcacións nas que se levará a cabo o campionato serán 6 barcos ELLIOT 6M, serán proporcionados pola Real Federación Galega de Vela, adxudicándose por un sorteo.
- Ante Calquera problema que poda xurdir pola embarcación adxudicada a un equipo, non caberá reclamación fora do previsto no Regulamento de Regatas de Vela (RRV).
- O equipamento persoal de navegación, así como o de flotabilidade o aportará cada participante.

6.- Información

A información para os representantes das universidades pode acadarse:

- Nas oficinas da Área Deportiva da USC.
- Nos teléfonos 881815071 e 881815073.
- No correo electrónico deporsec@usc.es

7.- Inscripcións

- O prazo de inscrición remata o martes **27 de febreiro ás 14:00 horas**.
- As persoas participantes realizarán a inscrición na universidade de orixe de cada deportista.
- Os deportistas da Universidade de Santiago de Compostela deberán facer a súa inscrición a través da aplicación web da Área Deportiva da USC.
- Os servizos de deportes da Universidade da Coruña, da Universidade de Vigo e da Universidad Intercontinental de la Empresa, enviarán un correo electrónico coa folla de inscrición das súas tripulacións por correo electrónico a deporsec@usc.es, situada no Anexo 1 de este documento.

8.- Seguro

- No caso de calquera accidente no transcurso da competición, os accidentados deberán cumprir co protocolo de actuación marcado pola Federación que expedirá a súa licencia, ou ben polos correspondentes seguros escolares de cada unha das universidades participantes cos seus correspondentes protocolos.
- No caso de persoas federadas en Galicia, pódese consultar o protocolo premendo [aquí](#).

9.- Acreditacións

- As persoas participantes teñen que realizar a acreditación na oficina de regatas coa documentación correspondente:
 - DNI, carné de conducir ou pasaporte.

- Licenza federativa.

*Non se permitirán modificacións de tripulantes non solicitadas previamente aos correspondentes Servizos de Deporte das Universidades.

10.- Horarios

HORA	ACTIVIDADE
10:00 a 10:30 horas	Chegada de delegacións e acreditacións
10:30 horas	Reunión técnica
12:00 horas	Comezo da regata. Hora límite de finalización ata 1 hora antes do solpor
12:00 a 16:00 horas	Entregaranse bolsas de pícnic aos participantes.
Ao remate	Entrega de medallas e trofeos

11.- Regulamento técnico

11.1. Competicións.

Existirán dúas competicións de maneira simultánea.

- Competición Oficial:

Están incluídas as tripulacións das:

- * Universidade da Coruña.
- * Universidade de Santiago de Compostela.
- * Universidade de Vigo.

- Competición Open:

Están incluídas as tripulacións das:

- * Universidade da Coruña.
- * Universidade de Santiago de Compostela.
- * Universidade de Vigo.
- * Universidad Intercontinental de la Empresa.

11.2. Sistema de competición:

- O formato de competición variará en función do número de equipos inscritos.
- O formato de competición virá definido nas instrucións de regata.

11.3.- Normativa Xeral:

- O Campionato Galego Universitario de Vela (CGU de Vela) rexerese pola regras, tal e como se definen no RRV.

- Os regulamentos de competicións da Real Federación Galega de Vela.
- O Addendum UF de World Sailing será de aplicación.
- [DP] As regras de uso das embarcacións incluídas nas instrucións de regatas.
- [DP] Se modifica a RRV 40 no sentido de que será de aplicación en todo momento mentres os regatistas estean a flote.
- Engádesse a regra 41: “e) axuda para recuperar do mar e embarcar un tripulante, a condición de que este se produza na situación aproximada onde foi rescatado.
- As decisións do Comité de Protestas serán inapelables de acordo con RRV 70.5(a).
- En tódalas regras que rexe o CGU de Vela a notación [NP] fai referencia a que unha infracción a esa regra non será motivo de protestas entre barcos. Isto modifica RRV 60.1(a).
- Para todos aqueles aspectos que non veñan reflectidos nin no Anuncio de Regata nin na Instrución de Regata, o CGU de Vela rexerá segundo o Regulamento Técnico do CEU 2024.

12.- Premios

A entrega de premios farase ao finalizar, e haberá premio para os tres primeiros clasificados das dúas competicións.

13.- Comida.

A USC entregará a cada participante unha bolsa a cada participante cun bocadillo, unha peza de froita e auga. Se existise algún alérxico ou intolerante, as Universidades terán que comunicalo con antelación na folia de inscrición.

14.- Clasificación

A orde de clasificación das Universidades na **Competición Oficial**, dará os conseguintes representantes de Galicia no CEU de Vela 2024, pendentes do número de prazas que o CSD asigne a nosa Comunidade Autónoma, e sempre en aplicación da normativa de participación nos CEU 2024 das propias Universidades.

15.- Universidade convidada

U/e | **Universidad**
Intercontinental de la Empresa

Anexo 1		Folla de inscrición do Campionato Galego de Vela (realizar o envío antes do 27 de febreiro ás 14:00 horas)				
Universidade:		Delegado:		Teléfono:		
Tripulacións		Apelidos, nome	DNI	Sexo	Número de licenza	Intolerancias ou/e alerxias
1	Tripulación nº 1 Patrón/na: -----					
2						
3						
4						
5	Tripulación nº 2 Patrón/na: -----					
6						
7						
8						
9	Tripulación nº 3 Patrón/na: -----					
10						
11						
12						

Anexo 1		Folla de inscrición do Campionato Galego de Vela (realizar o envío antes do 27 de febreiro ás 14:00 horas)				
Universidade:		Delegado:		Teléfono:		
Tripulacións Extra		Apelidos, nome	DNI	Sexo	Número de licenza	Intolerancias ou/e alerxias
1	Tripulación Extra nº 1 Patrón/na: -----					
2						
3						
4						
5	Tripulación Extra nº 2 Patrón/na: -----					
6						
7						
8						
9	Tripulación Extra nº 3 Patrón/na: -----					
10						
11						
12						